



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. N° 0/270060
TEL.: 982 360 004

C.I.F. P-2700800-F
FAX: 982 360 518

C.P. 27840

REGULAMENTO DO SERVIZO DO PUNTO LIMPO

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- A presente regulamentación ten por obxecto regula-las actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de residuos do termo municipal de Becerreá.

2.- A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais e regulamentarias que existen sobre a materia. Para a explotación do mesmo, o Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.

Artigo 2.- Definicións.

Os efectos da presente regulamentación enténdese por:

1.- Punto limpo: Son instalacións onde se efectúa a recepción transitoria, clasificación e acumulación de certos tipos de residuos sólidos urbanos. Os Puntos Limpos constitúen, polo tanto un sistema de recollida selectiva.

2.- Residuos reciclables: Aqueles materiais que poden ser reutilizados ou reciclados como materia prima, para que mediante un proceso, se obteña un producto distinto ou igual ó orixinal.

3.- Provedor: Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.

Artigo 3.- Obxectivos.

Os obxectivos principais do Punto Limpo son os seguintes:

1.- Aproveita-los materiais contidos nos residuos que son susceptibles dun reciclaxe directo, conseguindo con elo, un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.

2.- Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, evitando o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos de recollida de lixo.

3.- Ofrecer unha forma sinxela de desfacerse de residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas tradicionais de recollida, separando os residuos perigosos xerados no fogar dos que a eliminación conxunta co restos dos lixos urbanos ou o seu vertido á rede de saneamento representaría un risco para o medio ambiente e a saúde pública.

4.- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de consegui-la máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

Artigo 4.- Responsabilidade.

O Concello de Becerreá adquire a titularidade dos residuos entregados polo provedor, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. Nº 0/270060 C.I.F. P-2700600-F C.P. 27640
TEL.: 982 360 004 FAX: 982 360 518

En relación cos residuos admitidos no Punto Limpo o Concello xestionará con empresas con acreditación de xestor autorizado para os mesmos. Nos supostos que o Concello o estime conveniente poderá celebrar acordos ou convenios con empresas privadas que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servicio.

Artigo 5.- Prestación do servizo.

Para a utilización do Punto Limpo do Concello de Becerreá terase en conta que:

- 1.- Soamente se admiten residuos xerados por particulares.
- 2.- Prohibíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

TITULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN.

Artigo 5.- Tipoloxía de residuos.

No punto limpo admitiranse os seguintes residuos:

1.- Residuos comúns:

- a) Papel e cartón.
- b) Vidro: Botellas e cristais varios.
- c) Envases de plástico, bricks e latas.
- d) Restos metálicos de fogares.
- e) Electrodomésticos sen CFC.
- f) Residuos voluminosos (móbiles, colchóns, etc).
- g) Cascotes de pequenas obras.
- h) Ferralla.
- i) Plásticos non agrícolas.

2.- Residuos especiais:

- a) Disolventes, pinturas e vernices.
- b) Pilas.
- c) Fluorescentes.
- d) Frigoríficos e electrodomésticos AMB CFC.
- e) Aceites minerais ou vexetais, usados procedentes de particulares.

Artigo 6.- Xeitos de presentación dos residuos.-

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, que son:

- 1.- Papel e cartón.- As caixas de cartón deberán abrir e comprimir para reduci-lo volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas cerradas para evita-lo esparexemento.



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. N° 0/270060

C.I.F. P-270060-F

C.P. 27640

TEL.: 982 360 004

FAX: 982 360 518

2.- Vidro, fluorescentes e cristais varios.- Os residuos de cristais deberán acondicionarase de tal xeito que se evite a rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.

3.- Pilas. Deberanxe separar os diferentes tipos de pilas, ben sexa de botón, salinas ou alcalinas.

4.- Terras e escombros. Debido a natureza destes residuos, deberanxe presentar en sacos ou bolsas de plástico cerrados de 25 quilos máximo.

5.- Aceites vexetais, pinturas ou vernices, presentaranse en garrafas ou botellas de plástico. Tomaranse as medidas necesarias para evitar derrames, sobre todo en caso de transvasamentos. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou de características diferentes.

6.- Plástico vexetal. Presentarase libre de restos orgánicos e debidamente pregado para reduci-lo seu volume.

7.- Poda e restos vexetais. Na medida do posible a lonxitude das ramas non excederá dun metro.

8.- Frigoríficos e electrodomésticos con C.F.C. Entregaránse sen que se produza a rotura do circuito de refrixección.

Artigo 7.- Cantidades máximas admisibles de residuos.

Se a capacidade do Punto Limpo se ve comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible unha limitación das cantidades admisibles por cada tipo de residuos e por cada particular ó día do seguinte xeito:

- 1.- Papel e cartón. Admitiranse un máximo de 20 quilos.
- 2.- Vidro e cristais varios. Admitiranse un máximo de 20 quilos.
- 3.- Terras e escombros. Admitiranse un máximo de 25 quilos.
- 4.- Aceites de motor e vexetais. Admitirse un máximo de 5 litros.
- 5.- Aerosois. Admitirse un máximo de 10 unidades.
- 6.- Frigoríficos. Admitirse un máximo de 1 unidade.
- 7.- Madeiras. 60 quilos ou un moble.
- 8.- Pinturas. Admitirse un máximo de 1 quilo.
- 9.- Electrodomésticos. Admitirse un máximo de 2 unidades.
- 10.- Fluorescentes. Admitirse un máximo de 3 unidades.
- 11.- Colchóns.- admitirse un máximo de unha unidade.
- 12.- Plásticos.- admitiranse un máximo de 25 quilos.

Artigo 8.- Descripcións das instalacións.

As instalacións onde se atopa o Punto Limpo consiste nun recinto cerrado, valado e equipado con contedores para os distintos tipos de residuos. O devandito recinto componse dunha zona de recepción e unha zona de acumulación dos residuos.



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. Nº 0/270060
TEL.: 982 360 004

C.I.F. P-2700600-F
FAX: 982 360 518
C.P. 27640

A zona de recepción encóntrase xunto á entrada da instalación e nela hai unha pequena caseta para control e información ós usuarios. A través da zona de recepción accedese á zona de acumulación de residuos onde se atopan os diferentes contedores específicos para cada tipo de residuo.

A zona de acumulación dispón de espacio suficiente para realiza-las actividades de descarga dos residuos, podendo manobrar correctamente, tanto os vehículos particulares, como os vehículos recolledores dos residuos.

Os contedores levan un letreiro visible que indica o nome do material que se pode depositar no seu interior.

Artigo 9.- Funcionamento e xestión.

1 .- Para que o servicio que se presenta no Punto Limpo sexa o correcto, é necesario que os usuarios aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada fracción.

2.- Tódalas entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo encargado nun Libro de Rexistro para o control interno no que constarán :

- Identificación completa do usuario mediante a exhibición do seu D.N.I.
- Natureza dos residuos.
- Licenzas de obras (no seu caso).
- Licenza de actividade cando os residuos proveñan de establecementos comerciais.
- Acreditación do pago dos impostos e taxas municipais.

3.- Así mesmo, o responsable anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:

- Natureza, destino e data de retirada dos productos evacuados.
- Incidencias e reclamacións.
- Facturación.
- Documentación de transporte.

4.- Tódolos datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xenerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fines que non sexan os propios do servicio.

5.- O usuario accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente contedor.

6.- Antes de que os contedores se atopen cheos de residuos, os operarios do Punto Limpo darán aviso ós xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para o seu reciclaxe.

7.- As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Para o que, os operarios deben controlar que o depósito de residuos se realice de xeito correcto, evitando a caída de residuos fora dos contedores



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. Nº 0/270080
TEL.: 982 360 004

C.I.F. P-2700600-F
FAX: 982 360 518
C.P. 27640

e retirando calquera material que dificulte o tránsito dos vehículos e o depósito dos residuos.

O punto Limpo estará equipado de acordo ó risco intrínseco da actividade de almacenamento coas instalacións de protección de incendios que corresponda ó tamaño da instalación e segundo as características fixadas na normativa. Deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente e os materiais e equipos deberán cumplir coas prescricións legais.

9.- O encargado do Punto Limpo poderá rexeitar aqueles residuos que cando pola súa natureza o volume non poidan ser admitidos de acordo coa presente ordenanza.

Artigo 10.- Horario.

O Punto Limpo abrirá os luns de 16:00 a 20:00 horas ininterrompidamente e os sábados, previa cita, de 10:00 horas a 13:00 horas. Calquera cambio nestes horarios será acordado polo Alcalde-presidente e comunicado mediante Bandos.

Artigo 11.- Prohibicións.

Prohibéñense ós seguintes aspectos:

- 1.- Depositar residuos non permitidos por esta norma.
- 2.- Depositar mesturas ós diferentes residuos.
- 3.- Depositar residuos fora do contedor específico.
- 4.- Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta norma.
- 5.- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- 6.- Abandoñar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento de Punto Limpo.
- 7- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo.
- 8.- Fumar dentro das instalacións.

TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 12.- Infraccións.

Calquera incumprimento das normas da presente ordenanza considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

- 1.- Considerarase infraccións leves.
 - a) Entregar residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo o relativo a entregas de aceites para establecementos comerciais e terras e escombros orixinados en obras menores.
 - b) Depositar calquera outro tipo de residuo de orixe domicilio que non se encontre establecido na presente ordenanza.
 - c) Depositar mesturados os diferentes residuos.
 - d) Depositar residuos fora do contedor específico.
 - e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta ordenanza.



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. Nº 0/270060 C.I.F. P-2700600-F C.P. 27840
TEL: 982 360 004 FAX: 982 360 518

2.- Considerarase infraccións graves.

- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- b) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do punto limpo.

Artigo 13.- Sancións.

1.- Os usuarios que efectúen infraccións leves estarán na obriga de restituí-lo dano causado ou prohibíráselles a entrega de residuos, podendo imponerse unha multa de ata 750 euros.

2.- Os usuarios que cometan infraccións graves estarán na obriga de restituí-lo dano causado ou prohibíráselles a entrega de residuos, podendo imponerse unha multa de ata 1.500 euros.

3.- As sancións graduaranse atendendo a:

- a) Grao de intencionalidade.
- b) Gravidade do dano producido.
- c) Grao de malicia, participación e beneficio obtido.
- d) Irreversibilidade do dano producido.
- e) Categoría do recurso afectado
- f) Natureza do residuo.
- g) Reincidencia.
- h) Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da Xurisdición contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenzarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno."

Becerreá, 2 de febreiro de 2007

alteránda, xa sexa por transformación, amplificación, reducción ou interrupción. Un electrodoméstico emprega como fonte de enerxía distinta á auga, para as súas operacións, xeralmente a electricidade. Un aparello electrónico consiste nunha combinación de componentes electrónicos organizados en circuitos, destinados a controlar e aproveitar os sinais eléctricos, como por exemplo un amplificador de son, que controla o fluxo de enerxía dun micrófono hacia os altofalantes. Non obstante a novedade é que a súa orixe non sexa domiciliaria.

Despois do periodo de funcionamento do punto limpo transcorrido, a experiencia me aconsella propoñer ó Pleno do Concello a modificación do Regulamento de xeito que poidan acceder ó mesmo outros usuarios que depositen residuos que polas súas características e volume estean incluídos no obxecto de aplicación deste regulamento sempre que contén coa previa autorización da Alcaldía.

Lóxicamente estas modificacións implicarán a da correspondente ordenanza fiscal de xeito que cando non se trate de particulares que depositan residuos de orixe domiciliaria, deberán de aboar as correspondentes taxas. Hai que ter en conta que outro dos criterios de concesión de axudas por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para a mellora da xestión e explotación dos puntos limpos, é o da acreditación de cobramento de taxas destinadas a financiar o custo do punto limpo.

Por todo o anterior propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo: Aprobación da modificación do Regulamento de servizo de punto limpo seguindo o seguinte procedemento:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia ós interesados polo plazo mínimo de treinta días para a presentación de reclamacións e suxestión.

c) Resolución de tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entónces provisional.

Texto da modificación:

"Artigo 1.- Nova redacción do artigo 3 que queda redactado como sigue:

Artigo 3.- Obxectivos.

Os obxectivos principais do punto limpo son os seguintes:

1.- Aproveita-los materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo, un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.

2.- Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, coas salvedades previstas neste regulamento, evitando o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos de recollida de lixo.

3.- Ofrecer unha forma sinxela de desfacerse de residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas tradicionais de recollida, separando os residuos perigosos xerados no fogar, coas salvedades previstas neste regulamento, dos que a eliminación conxunta co restos dos lixos urbanos ou o seu vertido á rede de saneamento representaría un risco para o medio ambiente e a saúde pública.

4.- Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de consegui-la máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.

Artigo 2.- Nova redacción do artigo 5 que queda redactado como sigue:

Artigo 5.- Prestación do servizo.

Para a utilización do punto limpo do Concello de Becerreá terase en conta que:

1.- Soamente se admiten residuos xerados por particulares. Non obstante, admitiránse residuos de aparellos eléctricos o electrónicos de orixe non domiciliaria. Tamén poderán acceder, a estas instalacións outros usuarios que depositen residuos que polo seu volume e características estean incluídos no obxecto de aplicación do presente regulamento sempre que contén coa correspondente e previa autorización da Alcaldía. Para estes efectos, entre outros, poderán ter a consideración usuarios, aquelas entidades coas que o Concello estableza convenios ou acordos específicos que regulasen as condicións do devandito uso.

2.- Prohibírese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3.- Nova redacción do artigo 6 que queda redactado como segue:

Artigo 5.- Tipoloxía de residuos.

No punto limpo admitiranse os seguintes residuos:

1.- Residuos comúns:

a) Papel e cartón.

b) Vidro: Botellas e cristais varios.

c) Envases de plástico, bricks e latas.

d) Restos metálicos de fogares.

e) Aparellos eléctricos ou electrónicos. Electrodomésticos sen CFC.

f) Residuos voluminosos (móbiles, colchóns, etc).

g) Cascotes de pequenas obras.

h) Ferralla.

i) Plásticos non agrícolas.

2.- Residuos especiais:

a) Disolventes, pinturas e vernices.

b) Pilas.

c) Fluorescentes.

d) Aparellos eléctricos ou electrónicos. Frigoríficos e electrodomésticos AMB CFC.

e) Aceites minerais ou vexetais, usados procedentes de particulares.

Artigo 4.- Nova redacción do artigo 8 que queda redactado como segue.

Artigo 8.- Cantidades máximas admisibles de residuos.- Se a capacidade do punto limpo se ve comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible unha limitación das cantidades admisibles por cada tipo de residuos e por cada particular ó día do seguinte xeito:

1.- Papel e cartón. Admitiranse un máximo de 20 quilos.

2.- Vidro e cristais varios. Admitiranse un máximo de 20 quilos.

3.- Terras e escombros. Admitiranse un máximo de 25 quilos.

4.- Aceites de motor e vexetais. Admitirase un máximo de 5 litros.

5.- Aerosois. Admitirase un máximo de 10 unidades.

6.- Frigoríficos. Admitirase un máximo de 1 unidad.

7.- Madeiras. 60 quilos ou un mobile.

8.- Pinturas. Admitirase un máximo de 1 quilo.

9.- Electrodomésticos. Admitirase un máximo de 2 unidades.

10.- Fluorescentes. Admitirase un máximo de 3 unidades.

11.- Colchóns.- Admitirase un máximo de cinco unidades.

12.- Plásticos.- Admitiranse un máximo de 25 quilos.

Artigo 5.- Nova redacción do artigo 13 que queda redactado como segue.

Artigo 12.- Infraccións.

Calquera incumprimento das normas da presente ordenanza considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

1.- Considerarase infraccións leves.

a) Entregar residuos non procedentes de domicilios particulares, coas salvedades previstas neste regulamento e salvo o relativo a entregas de aceites para establecementos comerciais e terras e escombros orixinados en obras menores.

b) Depositar calquera outro tipo de residuo de orixe domicilio ou non según o previsto neste regulamento, que non se atope establecido no presente regulamento.

c) Depositar mesturados os diferentes residuos.

d) Depositar residuos fora do contedor específico.

e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta ordenanza:

2.- Considerarase infraccións graves.

a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.

b) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do punto limpo.

Artigo 6. Se engade unha nova disposición final

A presente da ordenanza xeral, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2007, entrará en vigor unha vez que se publique íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Régime Local. Modificada por acordo plenario de data 20 de agosto de 2008, entrará en vigor igualmente, unha vez que se publique íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Régime Local."

Inicia o debate o Sr. Alcalde-Presidente explicando o contenido da proposición epigrafiada, poñendo de manifiesto don Antonio González Madarro, Sr. concelleiro voceiro do GM do Partido Popular, a picaresca que pode suscitarse dado que si un colchón se leva ó punto limpo por un particular non se cobra, pero ese mesmo colchón se o leva o empresario si que se cobra, ó que resposta o Sr Alcalde que ese empresario ten a obriga de recollelo e logo levará ó punto limpo os que acumule que o mellor son de veciños doutro Concello que sí pagarían por votalo no punto limpo.

Considerado suficientemente debatido o asunto, sométese a votación. O Pleno do Concello, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda aprobar a proposición epigrafiada resolvéndoa nos seus propios termos.

Contra o presente acordo se interporá recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de julio, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.Todo sen pre-

xuizo de que poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

En Becerreá, a 15 de outubro de 2008.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 05140

MONFORTE DE LEMOS

Corrección de errores

Advertido erro nos anuncios de licitación, remitidos ao BOP de Lugo (número 232, 8 de outubro) e ao DOG (número 195, de 8 de outubro) do contrato de servizo para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monforte de Lemos, por resolución de Alcaldía de 10 de outubro de 2008, resolverse proceder a corrixir os mesmos debendo figurar:

1.- Data límite para a presentación de proposicións: 4 de decembro do 2008

2.- Data de apertura das ofertas: 10 de decembro de 2008 ás 11:00 horas.

Monforte de Lemos, a 13 de outubro do 2008.- O ALCALDE, ilexible.

R. 05144

Administración de Justicia

Juzgado de lo Social núm. 2 de Lugo

Cédula de citación

DOÑA CARMEN VARELA REBOLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUMERO DOS DE LUGO Y SU PROVINCIA.

CERTIFICO: En los autos seguidos en este Juzgado con el

Nº AUTOS: DEMANDA 0000758/2008.

MATERIA: SEGURIDAD SOCIAL.

DEMANDANTE: MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO.

DEMANDADOS: DISLAN INSTALACIONES, S.L., INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, SERGAS.

Se cita a la empresa demandada, DISLAN INSTALACIONES, S.L., para que a la hora de 10.15 del PROXIMO DA 18 DE DICIEMBRE DE 2008 COMPARZCA ANTE LA Sala de Audiencia de este Juzgado, sita en la C/. Armando Durán, 1, edificio Juzgados, al objeto de celebrar acto de conciliación, y de no haber avenencia, acto seguido el juicio, previniéndole que al acto al que se le cita, deberá concurrir con todos los medios de prueba de que intente valerse y que la falta de asistencia al mismo no suspenderá su celebración, parándose el perjuicio a que haya lugar en

derecho.

También se cita a confesión judicial al representante legal de DISLAN INSTALACIONES, S.L., D. ANTONIO RODRIGUEZ ANLLO, previniéndole que si no comparecen al acto para el que se le cita, le parará el perjuicio a que hubiere lugar, en derecho, pudiéndole tenerse por confeso.

Y para que sirva de citación a juicio a la empresa DISLAN INSTALACIONES, S.L. y a confesión judicial al representante legal de la demandada D. ANTONIO RODRIGUEZ ANLLO cuyo último domicilio conocido lo tuvo en rúa Dos Paxaríños, 14 bajo, Lugo, y a la que se le previene que la copia de la demanda se halla a su disposición en la Secretaría de este Juzgado, en donde puede recogerla durante las horas de audiencia, y que las siguientes comunicaciones se le harán en los estrados, salvo las de autos o sentencias o de emplazamiento, expido y firmo la presente cédula en Lugo, a catorce de octubre de 2008.- LA SECRETARIA, ilegible.

R. 05076

Cédula de notificación

CARMEN VARELA REBOLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUM. 2 DE LUGO.

DOY FE Y TESTIMONIO: Que en Ejec. 141/08 (autos 170/08) seguida a instancia de MUTUA GALLEGA ACCIDENTES DE TRABAJO contra PIZARRAS VIPER, S.L., se dictó auto en el día de hoy, cuya parte dispositiva dice:

"PARTE DISPOSITIVA

DISPONGO: Procédase al embargo de bienes de la empresa ejecutada PIZARRAS VIPER, S.L., suficientes para cubrir la cantidad de 44.740,65 euros que se le reclaman de principal, más 6.700,00 euros calculadas para intereses y costas.

Y hallándose dicha empresa ejecutada en ignorado paradero, practíquense las averiguaciones a que se refiere el art. 248 LPL, remitiendo oficios a la Oficina de Averiguación Patrimonial, Jefatura Provincial de Tráfico, Gerencia Territorial de Catastro, y Registro de la Propiedad.

Notifíquese esta resolución a las partes advirtiéndoles que la misma no es susceptible de recurso alguno (artículo 552.2 LEC).

Así lo acuerda y firma la lma. Sra. D^a Beatriz Martínez Vega, Magistrada-Jueza del Juzgado de lo Social núm. 2 de Lugo".

Y para que sirva de notificación a la empresa PIZARRAS VIPER, S.L., en ignorado paradero, y con último domicilio conocido en Lgr. Monte Arca, s/n, Argomoso, Mondoñedo (Lugo), a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia o se trate de emplazamiento, expido el presente en Lugo, el veinti-